

TURISMO E LECER.

A REHABILITACIÓN DO PAZO DE HERMIDA*

Mercedes Gualtería Pintos Barreiro
Universidade de Santiago de Compostela

Os nosos propios pasados apreciados como vestixios están despoxados dos significados iconográficos que unha vez encarnaron... Na actualidade, convertido nun país estrño cun próspero negocio turístico, o pasado experimentou as consecuencias normais da popularidade. Canto máis se o aprecia polo que é en si mesmo tanto menos real e relevante se volve.

D. Lowenthal. *O pasado é un país estrño*



Unha das grandes conquistas do ser humano no século XX foi a de poder dispoñer dun maior tempo de descanso, que pode empregar na realización de actividades "porque desexa facelas, sen presións externas, co obxectivo de divertirse, entreterse, desenvolverse a si propio...", segundo a definición de ocio dada por M.Argyle.¹ O turismo converteuse hoxe na práctica preferente do usuario que desexa encher ese tempo libre, así como nunha

preocupación das autoridades, por constituír un dos recursos comerciais máis importantes da economía. As cifras son elocuentes: segundo a Organización Mundial do Turismo, a finais do milenio, contabilizáronse 661 millóns de visitas turísticas.²

Non resulta doado definir un fenómeno que admite diversos enfoques: psicolóxico, xeográfico e mesmo antropolóxico pero, por riba

de todo, o turismo implica un grao de impacto ambiental, económico e social.

Calquera intervención pública, sexa a restauración monumental ou a mellora de vías de comunicación, encamiñase a conseguir o maior número de visitantes posible. E dentro destas aspiracións, salienta con luz propia o turismo cultural. Atendendo as mensaxes emitidas a través dos medios de comunicación, poderíase pensar que estamos rexidos por gobernantes preocupados por satisfacer as demandas dunha cidadanía culta, cuns monumentos protexidos e restaurados segundo pautas racionais. O incremento do turismo contribuíría a esa mellora patrimonial, ó dispor de maiores inversións.

A realidade é ben distinta. Non negaremos que inxentes partidas procedentes dos orzamentos públicos ou do sector privado se dedican á conservación e restauración monumental, pero os resultados indicannos, por desgracia, que moitas veces prima máis a necesidade dos mandatarios de espectacularizar os investimentos (como triste nota podemos lembrar a sentenza de 16 de outubro de 2000, da Sala do Contencioso Administrativo, Sala Terceira, do Tribunal Supremo, desestimando o Recurso de Casación interposto polo Concello de Sagunto contra o fallo do Tribunal Superior de Xustiza de Valencia, sobre a ilegalidade da reconstrución do teatro romano desa vila), por non falar do vello problema do exhibicionismo de certos arquitectos. Ademais, existe unha patente distancia entre as ben intencionadas declaracións de intencións recollidas na lexislación, e a realidade do turismo como negocio, difícil de compatibilizar coa defensa de valores patrimoniais auténticos. As severas prescricións legais ceden habitualmente para non estorbar ás masas viaxeiras. O horizonte de expectativas do usuario condiciona moitas veces esas intervencións. Como sinala o antropólogo Dumont: "O turista no é só

un consumidor do que para el se produce, senón tamén un activo produtor do que consúme".³ Canto máis proveitoso é o pasado como lugar de exhibición, máis graves son os riscos. Os ingresos turísticos axudan a controlar a erosión física pero "nin a máis estricta vixilancia pode facer outra cousa que mitigar a duras penas a vulgaridade e a perda de ambiente que vai unida á popularidade".⁴

Nos últimos tempos, a búsqueda do pasado, xunto co ecoloxismo como valor en alza, leva a un crecente protagonismo do Turismo Rural, coas súas vantaxes tanto por parte dos usuarios (retorno ó aire libre e á natureza), como dos donos que vén un xeito de acadar unha rendibilidade, agora que a UE está a suprimir distintos cultivos que constituíron a súa forma de vida tradicional, pois esta actividade turística liga o concepto cultural da zona ó tipo de aloxamento, con grande aceptación dos consumidores. De aí o interese das Administracións por fomentalo.

Galicia subiuse con entusiasmo a ese carro de patrimonialización da cultura ó que se destinan edificacións diversas (pazos, reitorais, muíños ou casas tradicionais labregas e mariñeiras) que abranguen unha interesante tipoloxía. Desde o noso punto de vista en tanto que historiadores da arte, non podemos deixar de aplaudir unha iniciativa que permite recuperar e reutilizar (con cartos públicos e baixo tutela administrativa), un patrimonio que, de acreditarmos nos expedientes administrativos, se atopaba en último estado de vida. Agora ben, como sinala Ariño⁵, esta revalorización non ten nada que ver cunha tentativa pasadista de resucitar vellas formas de cultura material ou espiritual, nin coa resistencia a abandonar tradicionais modos de vida, senón que nace da distancia –e da nostalgia– que permite ver o patrimonio como documento do pasado, no senso no que se pronunciou Alois Riegl: "O carácter e significado dos monumentos non

corresponde a estas obras polo seu destino orixinal, senón que somos nós, suxeitos modernos, os que llo atribuímos".⁶

A estas alturas, con perto de 400 edificacións rehabilitadas, pódese facer un pequeno balance das actuacións levadas a cabo, nas que destacaríase, por riba de todo, a irregularidade, tanto nos resultados (a carón de actuacións impexibles atopamos *revivals* que buscan unha escenografía, unha posta en escena do que se supón que o viaxeiro espera atopar nestes establecementos, sobre todo nos pazos e casas grandes, sen dúbida a oferta estrela), como no tipo de profesionais que levaron a cabo a intervención (arquitectos, apareladores, enxeñeiros técnicos agrícolas), ou nos materiais empregados (cun alarmante abuso do aluminio, PVC, placas de pedra pegada nas fachadas), moi pouco acordes cos tradicionais.

Un caso de rehabilitación encomiable, que postulamos como exemplo a seguir cando se actúe sobre construcións similares, achámolo no **Pazo de Hermida**. Situado no lugar de Lestrove, Santa María de Dodro (Padrón), este vello casarón de pedra naceu na Idade Media como dúas torres defensivas, unificadas por don Jácome de Luaces, cando llas mercou en 1614 ó coengo de Iria Flavia, don Rodrigo Suárez de Reino, fundando un morgado e esculpindo na fachada as armas dos Luaces e Bolaños.⁷

A fachada, un sinxelo lenzo entre as dúas torres cadradas, consta de baixo, entreplanta e un andar; carpintería de madeira e cuberta de tella, a dúas augas o corpo central e a catro o das torres. Na parte posterior, desenvolta en L por mor de engadidos,⁸ ten solaina en pedra. Complétase cunha grande herdade pechada cun valado pétreo, na que destaca un pombeiro e un pequeno acueducto. O conxunto mereceu a máis alta cualificación que outorga a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia: BIC con

categoría de monumento,⁹ co número de Rexistro Xeral R-I-51-0008843.

Amáis dos seus valores intrínsecos, o Pazo de Hermida vincúlase á historia galega por dous feitos: a relación con Rosalía de Castro e a sinatura do Pacto de Lestrove, circunstancias que reduplican o seu interese para o estudio.

A grande poetisa de Padrón residiu longas tempadas á sombra destas torres, pois un dos seus propietarios, don Gregorio Antonio de Hermida y Jove de la Vega, casou cunha tía de Rosalía. Cando as necesidades económicas apertaban, ela e o seu esposo, Manuel Murguía, acollíanse á xenerosidade dos parentes. Aquí, o 2 de xullo de 1871, naceron os seus fillos xemelgos Gala e Ovidio,¹⁰ e no artigo "*Padrón y las inundaciones*", publicado en IGA (28 de febreiro-28 de marzo de 1881), describe o casarón nestes termos: "...Hermosísimo y apartado lugar, en donde tiene asiento la melancolía..."¹¹ A súa memoria mantense viva, non en calidade de engado para o turista, senón como elemento atmosférico da casa. Como curiosidade cabe mencionar que da cama onde durmía a autora de *Cantares Gallegos* fixéronse dúas, usando a banceira e os pés como cabeceiras.

Do outro feito histórico, o Pacto de Lestrove, asinado en 1930, fálanos Castelao: "...xuntáronse clandestinamente no Pazo de Lestrove todo-los militantes do republicanismo en Galicia...Dos acordos que se tomaron cómpre destacar a declaración de federalismo hespañol e de autonomismo galego".¹² Nunha das salas da casa pódese ver a mesa que serviu para rubricar o pacto.

No ano 1998, os actuais propietarios decidiron dedicar o Pazo a Turismo Rural. Na planta baixa situouse a recepción, a cociña e, na antiga adega, un comedor de 16 prazas de ca-

pacidade. No sobrado, unha sala ten á dereita dous cuartos con baño, separados por un tabique; un corredor comunica unha nova estancia e outro cuarto, desembocando noutra dependencia con lareira e forno, comunicada cun patio interior que garda o escudo dos Luaces. No faiado dispuxéronse tres cuartos máis.

A pesar do deterioro en que se atopaba o edificio no momento de emprender a rehabilitación para adaptalo ás actividades turísticas, o arquitecto Julio Vázquez Suárez levouna a cabo cun enorme respecto polo legado patrimonial que se lle encomendaba. A intervención, na que sobrancean os espazos arquitectónicos –pasando a un segundo plano a decoración– foi equilibrada, non oculta o que é novo (toda a madeira, deteriorada pola humidade: trabes, chan, escaleira; ou os 300 m² de tellado), á vez que se aproveitan os materiais recuperables. O piso da cociña (antigas cabalerizas) de seixos rolados, foi reposto por motivos de utilidade, pois resultaba suma-

mente incómodo trafeugar por riba deles. Os paramentos das torres son os orixinais, mantendo as trancas precisas para a súa defensa. Na cociña dos hóspedes (hoxe comedor) e na fachada, pódense apreciar as cunchas de ostra usadas nas xunturas para asentar as pedras, e no patio interior as marcas dos canteiros.

Unha rehabilitación, en fin, impecable dentro das pautas marcadas pola nosa Lei de Patrimonio, recollidas nos artg^{os} 33¹³ e 39, especialmente nos seus apartados a) “Respectaranse as características esenciais do inmovible, sen prexuízo de que poida autorizarse o uso de elementos, técnicas e materiais actuais...” e e) “Cando sexa indispensable para a estabilidade e o mantemento do inmovible, a adición de materiais deberá ser recoñecible”. Un labor que resiste incluso a ironía corrosiva de Riegl, pois “Pode ser apreciado mesmo por persoas cun intelecto totalmente absorbido polo coidado continuo do ben corporal e a produción dos bens materiais”.¹⁴

NOTAS

* Este artigo é froito da investigación que desenvolvo no departamento de Historia da Arte da Universidade compostelana dentro do meu proxecto de Tese de Doutoramento: A conservación e restauración do patrimonio galego entre 1985-2000, co fin da súa explotación turística.

¹ Recollida por SAN MARTÍN, J. *Psicología del ocio y del turismo* Málaga, Aljibe, 1997, pág. 20

² *Ibidem*, pág. 27.

³ Recollida por CARVAJAL, J. *La cara oculta del viajero. Reflexiones sobre antropología y turismo* Buenos Ai-

res, Biblos, 1992, pág. 55.

⁴ LOWENTHAL, D. op. cit. pág. 556.

⁵ ARIÑO VILLARROYA, A. *A invención do patrimonio cultural e a sociedade de risco*, artigo publicado na rev. *Grial*, nº 149, 2001, pág. 68.

⁶ RIEGL, A. *El culto moderno a los monumentos* Madrid, Visor, 1999, pág. 29

⁷ MARTÍNEZ BARBEITO, C. *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña* Everest, Madrid, 1986, pág. 344 ss.

⁸ GARCÍA IGLESIAS, X.M. *Os pazos de Galicia* COAG, Compostela, 1992, pág. 130; ficha 289.

⁹ Artg^o 8, L 8/95, de 30 de outubro

¹⁰ ALONSO MONTERO, X. *Rosalía de Castro, obra completa* Akal, Madrid, 1980, pág. xx.

¹¹ DAVIES, C. *Rosalía de Castro no seu tempo* Galaxia, Vigo, 1987, pág. 40.

¹² RODRÍGUEZ CASTELAO, A. *Sempre en Galiza* B.Aires, Ed. Galiza 1974, pág. 176.

¹³ “Os bens declarados de interese cultural gozarán da máxima protección e tutela, e a súa utilización quedará subordinada a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa utilización”.

¹⁴ RIEGL, A. op. cit. Pág. 55.